



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Economía, Facenda, Réxime Interior

Aprobación da tarifa a percibir polo concesionario do servizo de saneamento

O Pleno da entidade, en sesión celebrada o día 26 de xaneiro de 2012, aprobou o establecemento das seguintes tarifas a percibir polo concesionario do servizo de saneamento:

Acometida á rede de sumidoiros		79,40€
Cambios de titularidade.		14,25€
Tarifa por dispoñibilidade do servizo		5,0€/trimestre
Bloque	Consumo trimestral de auga	Tarifa (€/m3)
Bloque 1	De 0 a 30 m3	0,1200€/m3
Bloque 2	De 30 a 55m3	0,2500€/m3
Bloque 3	Máis de 55m3	0,560€/m3
Bloque 4	Usuarios que non dispoñan de servizo de abastecemento municipal pero que si efectúen verquidos na rede de saneamento	24,37€/trimestre
Bloque 5	Concellos limítrofes que efectúen verquidos na rede de saneamento de Culleredo	0,560€/m3

a. As familias numerosas de categoría especial terán unha bonificación na tarifa relacionada co consumo por servizos de rede de sumidoiros do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m3.

b. As familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación na tarifa relacionada co consumo por servizos de rede de sumidoiros do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3.

c. A bonificación só será aplicable á vivenda habitual do contribuínte.

d. Os suxeitos pasivos que, cumprindo os requisitos establecidos no apartado anterior, pretendan obter a bonificación regulada neste apartado, deberán presentar unha solicitude antes do comezo do período impositivo en que se pretenda que comece a mesma. No caso de alta no servizo, a solicitude de bonificación presentárase conxuntamente coa solicitude de alta. Coa mesma deberá achegarse a seguinte documentación:

i. Copia compulsada de título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

ii. Certificado de empadramento do titular da familia numerosa, referido á situación existente a 31 de decembro do ano inmediato anterior, na que consten os membros da unidade familiar que conviven no inmovible para o que se solicita bonificación.

e. A bonificación concedida terá efectos no ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitarse a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

Esta tarifa entrará en vigor o 1 de abril de 2012.

Culleredo, 20 de marzo de 2012

O alcalde

Julio Sacristán de Diego